

3º PLAN de IGUALDADE de Oportunidades entre Mulleres e Homes. Concello de PONTEVEDRA 2015-2017

1. INTRODUCCIÓN.....	-3-
2. PROCESO DE ELABORACIÓN.....	-5-
3. ESTRUCTURA DO 3º PLAN.....	-7-
4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.....	-21-
5. ANEXOS.....	-24-
a. Aproximación Diagnóstica.....	25
b. Marco Normativo.....	43
c. Conceptos Clave.....	46

**“O mundo actual é máis vivible para cantidade de mulleres e homes polas transformacións de
benestar impulsadas dende o feminismo”**

Marcela Lagarde.

1. INTRODUCCIÓN

O 3º Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do concello de Pontevedra 2015-2017, é a folla de ruta que marcará as pautas de traballo en materia de igualdade, e polo tanto xustiza social, durante os vindeiros tres anos.

A igualdade entre mulleres e homes é un principio xurídico universal, e son as políticas de igualdade as responsables de desenvolver este precepto en todos os niveis –internacional, nacional, autonómico e local-. Esta é a perspectiva que nos permite entender que un plan municipal de igualdade responde á necesidade de concretar e aplicar no eido local, as estratexias de igualdade vixentes adaptándoas á realidade específica de cada territorio.

Un percorrido histórico arredor destas políticas pode levarnos á conclusión de atoparnos coas mellores condicións para vivir en clave de igualdade. Non obstante, a pesar das conquistas legais acadadas ao fin do século XX e principios do XXI, persiste a discriminación das mulleres a través de mecanismos indirectos, seguindo a existir aspectos ideolóxicos e culturais de subordinación cara ás mulleres.

A situación de crise na que se atopa a nosa sociedade flúe de forma incoherente entre a crenza da falsa igualdade -ou o discurso de que todo está acadado dende unha perspectiva formal- e, o recrudescemento de situacións que afectan especialmente ás mulleres polo feito de ser muller -feminización da pobreza, incremento da violencia machista, invisibilización das dificultades de conciliación, etc.-

Os poderes públicos están obrigados a loitar contra estes mecanismos e, de forma congruente, o concello de Pontevedra ven deseñando e desenvolvendo estratexias cara á loita a prol da igualdade dende os últimos anos, materializándose en recursos específicos: Departamento de igualdade; Centro de Información ás Mulleres; 1º Plan de Igualdade; 2º Plan de igualdade, etc.

Neste continuo, o 3º Plan supón un paso cualitativo no desenvolvemento da igualdade de oportunidades, representando un avance innovador respecto dos anteriores na medida que está formulado dende os principios da Participación-Acción-Investigación (IAP), aportando criterios de flexibilidade e oportunidade, imprescindibles para actuar neste momento social de cambio e incerteza.

O plan que agora se presenta estrutúrase arredor de 3 áreas que marcan os ámbitos de actuación durante os vindeiros tres anos: Participación e Acceso á Información e aos Recursos; Promoción da Igualdade entre Mulleres e Homes, e; Abordaxe Integral da Violencia de Xénero.

A cada unha destas áreas corresponden obxectivos estratéxicos, que se operativizan en diversas medidas a acadar. As accións a desenvolver desprenderáanse de cada medida con posterioridade, en función de criterios de idoneidade e oportunidade.

“A acción de preguntar supón a aparición da conciencia”

María Zambrano (1904-1991)

2. PROCESO DE ELABORACIÓN

Neste apartado abordaremos a orde e os procedementos que se utilizaron para a elaboración deste documento.

A primeira fase do deseño do 3º plan estivo centrada no estudo documental, a segunda nas reunións co persoal directamente implicado en implantar e desenvolver as políticas de igualdade no concello de Pontevedra e, a terceira xirou arredor da elaboración do documento final. É importante sinalar que esta orde non garda unha estrita cronoloxía, senón que ao igual que todos os procesos vivos e dinámicos, os tempos combináronse en función das necesidades do propio documento e dos resultados que se van amosando.

Os procedementos utilizados foron combinando a cantidade coa cualidade, polo que a elección de técnicas cuantitativas e cualitativas estivo determinada polo obxectivo de cada fase.

Durante a *primeria fase* levouse a cabo o estudo documental baseado en materiais marco dos Plans de Igualdade –lexislación, normativa, guías e documentos de elaboración, implantación e avaliación- e documentos específicos que dan conta da traxectoria do territorio en materia de igualdade. Sobre estes últimos materiais compre destacar o estudo do *Informe de Avaliación do II Plan de Igualdade entre mulleres e homes do Concello de Pontevedra*, facendo especial fincapé nas recomendacións e nas reunións co persoal técnico do Departamento de Igualdade. Do mesmo modo afondamos na realidade socioeconómica do municipio levando a cabo a recollida, envorcado e explotación de datos secundarios obtidos dende o Instituto Galego de Estatística e o Instituto Nacional de Estatística.

A *segunda fase* ven determinada por reunións desenvolvidas fundamentalmente co persoal técnico do Centro de Información das Mulleres de Pontevedra e, co persoal político responsable da Área de Igualdade. Estas foron organizadas a modo de entrevistas semiestruturadas nas que afondar sobre a utilidade de anteriores plans e as necesidades detectadas na planificación e desenvolvemento de accións e actividades en materia de igualdade. Nos tempos entre reunións, a comunicación sobre os aspectos clave do Plan establecéronse a través de contactos telefónicos e do correo electrónico, o que posibilitou unha transmisión da información fluída dando lugar a aproximacións ao futuro plan e,

posteriormente ao borrador xeral do mesmo. Finalmente este foi presentado ao Consello da Muller co obxectivo de coñecer e recoller as impresións e achegas que considerasen oportunas.

A *terceira* e última *fase* é o produto e resultado das fases anteriores: A elaboración final do 3º Plan de Igualdade.

“Obxectividade é o nome que se dá na sociedade patriarcal á subxectividade masculina”

Adrienne Rich (1929-2012)

3. ESTRUTURA DO 3º PLAN

Neste apartado abordamos o corpo central do Plan, polo que a continuación describimos a súa estrutura.

Partindo dun **obxectivo xeral** -Dotar ao concello de Pontevedra dun marco de actuación en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes durante os anos 2015 a 2017- defínense 3 **áreas de traballo**, cada unha delas contén dous **obxectivos estratéxicos** que a súa vez se operativizan en diversas **medidas**. Para cada obxectivo estratéxico existe unha medida prioritaria (a primeira) a traballar durante todo o período de vixencia do Plan e na que concentrar os máximos esforzos.

O 3º Plan non determina a priori as accións e actividades que se van realizar como resultado de implantar as medidas contidas no documento, xa que está formulado como un documento flexible que responde a criterios metodolóxicos baseados na IAP (Participación-Acción-Investigación). Dende esta premisa, as accións e actividades específicas irán desprendéndose dende criterios de idoneidade, oportunidade e participación, integrándose nun proceso de retroalimentación que permite seguir nutrindo as sucesivas actuacións.

A continuación amosamos en forma de gráfica a estrutura do Plan. A primeira contén as áreas e obxectivos, as seguintes amosan as medidas por área e obxectivos estratéxicos.

3º PLAN de IGUALDADE de Oportunidades entre Mulleres e Homes. Concello de PONTEVEDRA 2015-2017

PARTICIPACIÓN E ACCESO Á INFORMACIÓN E AOS RECURSOS

Fomentar o incremento da participación da cidadanía en xeral, e das mulleres en especial, na loita en prol da igualdade

Facilitar e achegar a información e os recursos a cidadanía en xeral e as mulleres en particular

PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES


Fomentar o cambio de valores rachando co modelo actual de socialización sexista


Integrar a perspectiva de xénero nas políticas de igualdade do Concello de Pontevedra garantindo o principio de igualdade


ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Promover a saúde Integral das Mulleres e o seu autocoidado como mecanismo de prevención da violencia machista

Asegurar unha atención directa e integral ás vítimas de Violencia de Xénero







A área de **Participación e Acceso á Información e aos Recursos** responde á necesidade de promover a plena participación e, o acceso e control dos recursos como premisas básicas dunha sociedade democrática. Sobre esta idea xira o concepto moderno de cidadanía, sobre o acceso en igualdade de oportunidades de mulleres e homes ao espazo público, ao espazo do recoñecemento.

Con esta finalidade traballárase, por unha banda, cara a **fomentar e incrementar a participación da cidadanía e xeral, e das mulleres en especial, na loita en prol da igualdade**, entendendo que a igualdade é unha loita de xustiza social no que todas e todos os pontevedreses deben xuntar esforzos. Para elo propónse como medida prioritaria, a *Incorporación de profesionais de ámbitos relacionados coa igualdade e a loita contra a violencia de xénero ao traballo participativo da Área de Igualdade*, xa que os saberes e a experiencia do persoal técnico implicado de forma directa e indirecta coa igualdade é un capital humano que suma á hora de conformar grupos de expertas e expertos que aporten ideas e conformen os principios dun traballo en rede dende diferentes ámbitos, converténdose en axentes clave do territorio. A *dinamización do traballo dos órganos de participación da Área de Igualdade dende a perspectiva de xénero* é outra das medidas propostas coa que activar a estrutura participativa de Igualdade incorporando a análise de xénero en todas as propostas, accións e valoracións. Paralelamente a *Xeración de estratexias e mecanismos que faciliten a participación cidadá das mulleres* xurde da necesidade de indagar en novos modos, formas e canalizacións a través das que as mulleres ocupen o público achegando a súa voz e formas de “mirar” e “vivir” os mundos. Coa mesma intención o *Fomento do asociacionismo e da actividade das mulleres nas directivas e executivas das asociacións da cidade* pretende facilitar a presenza das mulleres en posicións dende as que levar a cabo decisións na traxectoria de cumprir coa lexislación vixente en materia de paridade. O *desenvolvemento de accións que poñan en valor as diferentes achegas de mulleres á cultura* busca visibilizar e significar de forma relevante, a mirada das mulleres e o seu papel na sociedade dende unha perspectiva de xénero, contraria á mirada hexemónica dun modelo masculino específico que tinguido de obxectividade achega a perspectiva androcéntrica na que o “saber” feminino se atopa excluído e esquecido.

Outro dos obxectivos a traballar nesta área é **facilitar e achegar a información e os recursos á cidadanía en xeral e as mulleres en particular** coa intención de mellorar os mecanismos cos que se conta para acadar as maiores cotas de coñecemento, divulgación e utilización dos recursos dirixidos ás mulleres e homes da cidade de Pontevedra. Para isto,

faise imprescindible o *Desenvolvemento de estratexias divulgativas que acheguen as políticas de igualdade aos diferentes sectores de poboación* rachando co descoñecemento sobre as mesmas e propiciando á implicación da cidadanía, converténdose en axentes activas das mesmas. A *elaboración e posta en marcha dunha estratexia global e sectorial para a difusión do presente Plan*, responde á necesidade de dar a coñecer este documento entre os e as pontevedresas adecuando os contidos aos diferentes públicos destinatarios. Do mesmos xeito incorporárase o *establecemento de mecanismos de feed-back entre a Área de Igualdade e a poboación de Pontevedra* co obxecto de promover a participación do territorio nas políticas de igualdade promovendo a mellora do fluxo da información entre a cidadanía e o departamento de Igualdade

A segunda área de traballo deste 3º Plan de Igualdade é a **Promoción da igualdade entre mulleres e homes** no convencemento de ser este o eixe do traballo do departamento de igualdade e que para acadalo se precisa **fomentar o cambio de valores rachando co modelo actual de socialización sexista**, entendido como a necesidade de mudar os actuais estereotipos e roles sexistas promovendo novas formas de “ser muller” e de “ser home” avanzando nun modelo de relacións simétricas. A *difusión das principais datas de conmemoración dos dereitos das mulleres como eixes de actividades centrais da Área de Igualdade*, permitirá ubicar na axenda pública do territorio a igualdade de oportunidades como un elemento central de xustiza social, visibilizando, reivindicando, e denunciando, as discriminacións sexistas existentes á vez que achegando actuacións de cambio en positivo. O *desenvolvemento por parte de axentes de socialización, de estratexias encamiñadas a reflexionar e reflectir a pluralidade de formas de ser muller e de ser home dende patróns de igualdade*, permitirá desenvolver accións de sensibilización e formativas que dirixidas á mocidade, afonden na posibilidade de “ser doutro modo” potenciando un cambio de valores, de actitudes e de conducta cara á igualdade. Co *Deseño e posta en marcha de estratexias de cambio centradas en novos modelos de socialización que impliquen á diferentes axentes sociais*, traballarase a reflexión crítica entre diferentes colectivos e axentes clave sobre a necesidade de mudar actitudes e comportamentos que agochan valores sexistas, en ocasións minimizados e invisibilizados polo global da sociedade.

Outro dos obxectivo contidos nesta área é **integrar a perspectiva de xénero nas Políticas de igualdade do Concello de Pontevedra garantido o principio de igualdade** para deste modo asegurar a inclusión do xénero como categoría de análise das diferentes realidades, ámbitos e esferas dende as que promover a igualdade. Con este fin promoverase o *Deseño e elaboración de estratexias que faciliten a integración da perspectiva de xénero no deseño*,

elaboración, posta en marcha e avaliación das actuacións levadas a cabo e impulsadas dende a Área de Igualdade, asegurando dende a toma en consideración da variable sexo como principio básico, ao estudo do impacto das actuacións desenvolvidas en función do xénero. A Colaboración cos diferentes departamentos do concello e co tecido social da cidade na inclusión do xénero nas accións que desenvolvan, busca promover accións que dirixidas a diferentes colectivos afonden dende a importancia da utilización dunha linguaxe e imaxes non sexistas e discriminatorias, á toma en consideración do xénero dende o deseño á avaliación dos programas.

A **Abordaxe integral da violencia de xénero** é a terceira área de traballo. Dende esta preténdese loitar contra o crime encuberto mais frecuente no mundo, expoñente da máxima expresión da desigualdade e de dominación masculina. Esta loita debe ter dúas coordenadas: fortalecer o autocoidado e, traballar coas vítimas directas.

Respecto ao primeiro compre **Promover a saúde integral das mulleres e o seu autocoidado como mecanismo de prevención da violencia machista** xa que a conciencia do coidado propio, dende un marco bio-psico-social, é o grande factor de protección contra a violencia de xénero. Dende esta perspectiva o *desenvolvemento de iniciativas adaptadas ás distintas etapas vitais, nas que se reforcen factores de protección cara a unha vida exenta de violencia de xénero*, facilita a posta en marcha de accións que contemplan á saúde dende un aspecto integral unido a un proceso de empoderamento entendido como a toma de conciencia persoal, social e política, da autonomía e crecemento das mulleres. Paralelamente é preciso traballar cara ao *recoñecemento e divulgación do proceso de violencia de xénero, antecedentes, consecuencias e recursos cos que conta a poboación de Pontevedra*, na estratexia de achegar á información, recursos e, servizos a toda a cidadanía, así como visibilizar á realidade da violencia exercida contra as mulleres como un fenómeno transversal e universal que responde a canons de poder adoptando diversas formas e manifestacións.

Asegurar unha atención directa e integral a vítimas de Violencia de Xénero é a segunda coordenada de traballo e obxectivo estratéxico desta área. Esta atención xira arredor do *mantemento do Centro de Información ás Mulleres de Pontevedra, e dos seus servizos de atención psicolóxica e legal, como recurso central da cidade de Pontevedra en materia de prevención, atención e erradicación da violencia de xénero*. O CIM constitúe a referencia en materia de violencia de xénero, tanto na atención directa ás vítimas como no traballo de asesoramento a colectivos, asociacións, etc., en materia de violencia machista. Paralelamente ás labores de atención e asesoramento individual e colectivo é importante desenvolver un traballo de *análise*

da "ruta crítica" das mulleres vítimas de violencia de xénero que utilizan o Centro de Información como mecanismo de identificación de melloras no circuito de servizos e recursos existentes na cidade de Pontevedra, xa que a través do discurso das propias vítimas poderemos coñecer as barreiras que atopan para saír da situación de violencia na que se ven inmersas, ofrecendo especial fincapé nos protocolos institucionais de axuda ás vítimas.

"Esta violencia (..a violencia de xénero..) non é casual, o factor de risco é ser muller. As vítimas son elixidas polo seu xénero. A mensaxe é dominación: confórmate co teu lugar. A violencia contra as mulleres é primordial para manter esas relacións políticas no fogar, no traballo, e en todas as esferas públicas. "

Lori Heise.

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación é unha fase imprescindible na estrutura de todo proceso de intervención e, un plan de igualdade ten como obxectivo intervir nun territorio e tempo determinado co obxectivo de acadar as maiores cotas de igualdade.

A avaliación do 3º Plan constitúese como un proceso sistemático de aplicación de procedementos de investigación social necesarios para coñecer e valorar o mesmo, polo que se recollerá información cuantitativa e cualitativa sobre o proceso e a execución do Plan, en función dos obxectivos, temporalización, e sistema de avaliación.

Coñecer o grao de cumprimento das medidas; Determinar os niveis de consecución dos obxectivos; Detectar avances e atrancos na execución do 3º Plan, e; Descubrir os efectos do desenvolvemento do mesmo, son os **obxectivos** da avaliación.

A valoración destes aspectos precisa determinar os momentos nos que se vai avaliar, polo que se debuxa unha avaliación que a modo de mecanismo de seguimento se efectúe durante o desenvolvemento do Plan de forma que anualmente resulte un informe de avaliación, e unha avaliación final unha vez rematado o período de vixencia do mesmo.

A **avaliación do desenvolvemento ou proceso** facilita a recollida de datos sistemática co obxectivo de observar o proceso de implantación e execución, considerando as medidas e actividades que se desenvolven, os mecanismos de participación e coordinación, os obxectivos previstos, aportando información útil para realizar os axustes e reaxustes precisos para o correcto desenvolvemento do Plan.

A **avaliación final ou de resultados** aporta información global sobre os resultados e efectos do 3º Plan, derivando nun proceso de reflexión sobre as leccións aprendidas a través deste.

Dende unha perspectiva estritamente metodolóxica a avaliación proposta será **formativa** na medida que segundo se desenvolve o programa recolleremos información que vai permitir facer axustes e reaxustes cara a mellorar a intervención e, **sumativa** porque unha vez rematado o Plan poderemos coñecer e valorar os resultados.

A utilización de técnicas cualitativas e cuantitativas segundo o obxectivo da avaliación obriga a deseñar procedementos propios e específicos de recollida de información: rexistro de seguimento e sistema de indicadores conxunto.

Para a mellora da operatividade da recollida e sistematización da información, tanto o rexistro de seguimento como o sistema de indicadores, deséñanse en formato de folla de cálculo observando cinco tipoloxías básicas de actividades segundo a súa natureza: difusión, sensibilización, formación, intervención directa e, xestión.

En función destas utilizaranse determinados indicadores cualitativos e cuantitativos elaborados especificamente para cada tipo de actividade, ademais de ítems que afonden sobre aspectos relativos á: obxectivos; temporalización, ubicación, participación; axentes implicadas e implicados; resultados; observacións, etc.

“As formas máis relevantes de sexismo son o machismo, a misoxinia e a homofobia. E unha característica común a todas elas é que son a expresión de formas depuradas do dominio masculino patriarcal”

Marcela Lagarde

5. ANEXOS

a. Aproximación Diagnóstica

Coñecer o territorio de intervención é prioritario á hora de acometer accións, xa que estas deben responder á unha diagnose previa da realidade.

Dende esta perspectiva abordamos unha breve descrición do territorio do Concello de Pontevedra a través do estudo dos datos obtidos do IGE (Instituto Galego de Estatística) e do INE (Instituto Nacional de Estadística). Todos os datos que agora presentamos cumpren a máxima de estar desagregados por sexo, para o que foi preciso realizar consultas telefónicas específicas co persoal do IGE, xa que unha grande parte da información obtida a través do Censo do ano 2011, aínda non se atopa explotada. Por outra banda, recolleemos os datos máis actuais e, na medida do posible, os contrastamos cos datos contidos na diagnose do anterior Plan co obxectivo de amosar a evolución dos distintos indicadores.

Para a mellor organización da información obtida clasificamos os datos en:

- ✍ Indicadores Demográficos
- ✍ Indicadores Sociais
- ✍ Indicadores Laborais

INDICADORES DEMOGRÁFICOS-----

Comezamos por situar o concello de Pontevedra en Galicia, na provincia de Pontevedra e na demarcación das Rías Baixas. Os seus lindes van dende os vales fluviais do Lérez e de Tomeza, na propia ría de Pontevedra, ata a desembocadura do río Verdugo, en Ponte Sampaio. Ocupa unha superficie total de 118,3 Quilómetros cadrados.

As **parroquias** que conforman este municipio son: Alba, Bora, O Burgo, Campañó, Campolongo, A Canicouva, Cerponzóns, Lérez, Lourizán, Marcón, Mourente, Ponte Sampaio, Salcedo, Santa María de Xeve, , Tomeza, Verducido, A Virxe do Camiño e Xeve. O Burgo e Campolongo son as parroquias máis urbanas.

A densidade demográfica é a razón entre poboación e superficie. No ano 2013 Pontevedra ten unha densidade de 701 habitantes por quilómetro cadrado, o que marca o seu carácter

semi-urbano, multiplicando por 3 a densidade do total da provincia de Pontevedra e por máis de 7 a de Galicia.

Non obstante, o primeiro achegamento á poboación é o facilitado pola distribución da mesma segundo grandes grupos de idade. As seguintes gráficas amosan esta estrutura para o concello de Pontevedra no ano 2013 e a existente no 2008.

Táboa -1- Estrutura da poboación. Pontevedra/2013

Ano 2013	Mulleres		Homes		Total	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
POBOACIÓN TOTAL	43.589	53%	39.345	47%	82.934	100 %
De 0 a 15 anos	6.212	49%	6.411	51%	12.623	100 %
De 16 a 64 anos	28.501	51%	26.932	49%	55.433	100 %
De 65 e máis anos	8.876	60%	6.002	40 %	14.878	100 %

Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Táboa -2- Estrutura da poboación. Pontevedra/2008

Ano 2008	Mulleres		Homes		Total	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
POBOACIÓN TOTAL	42.280	52 %	38.469	48 %	80.749	100 %
De 0 a 15 anos	5.793	48 %	6.261	52 %	12.054	100 %
De 16 a 64 anos	28.574	51 %	27.087	49 %	55.661	100 %
De 65 e máis anos	7.913	61 %	5.121	39 %	13.034	100 %

Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Os datos revelan un incremento en termos xerais da poboación dun 2,7%.

A relación mulleres-homes nestes anos incrementase 1 punto, pasando de ter no ano 2008 unha relación 52 mulleres-48 homes por cada 100 habitantes, a obter unha razón de 53 mulleres-47 homes no ano 2013.

En relación aos datos por idades 6 de cada 10 persoas maiores de 65 anos son mulleres.

Se observamos os datos absolutos por sexo para o ano 2013, o total da poboación de mulleres de Pontevedra estrutúrase do seguinte modo: o 15% son menores de 15 anos; o 65% atópanse entre os 16 aos 64 anos, e; o restante 20% son mulleres maiores de 65.

Esta mesma clasificación por grandes grupos de idade no caso dos datos absolutos dos homes de Pontevedra, reflicte: 16% de menores de 15 anos; 69% de homes entre os 16 e os 64, e; 15% de homes maiores de 65.

A continuación amosamos unha táboa cos datos porcentuais, no ano 2013, da composición do total de mulleres e homes segundo grandes grupos de idade no concello de Pontevedra e nos territorios de referencia (datos da provincia de Pontevedra e de Galicia)

Táboa -3- Estructura da poboación. Pontevedra-Provincia-Galicia/2013

Ano 2013	Pontevedra		Provincia de Pontevedra		Galicia	
	%mulleres	%homes	%mulleres	%homes	%mulleres	%homes
De 0 a 15 anos	15	16	13	15	12	13
De 16 a 64 anos	65	69	64	68	62	67
<i>De 65 e máis anos</i>	20	15	23	17	26	20
POBOACIÓN TOTAL	100	100	100	100	100	100


Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Nesta táboa pode observarse que aínda que existe un proceso de envellecemento na poboación do Concello de Pontevedra, esta é sensiblemente menor que o acaecido nos territorios de referencia.

O saldo vexetativo é a diferenza entre nacementos e defuncións nun territorio e tempo concreto, cando este é positivo marca o crecemento da poboación e polo tanto a posibilidade de reposición xeracional.

A continuación amosamos a gráfica comparativa dos últimos seis anos no concello de Pontevedra:

Saldo Vexetativo




Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Como podemos observar existe un decremento dende o ano 2008 ata o 2012, no ano 2013 repunta a diferenza entre nacementos e defuncións chegando a un saldo positivo de 88 o que marca un crecemento natural da poboación. Os territorios de referencia soportan un saldo negativo, os datos da provincia son de -1.457 e os de Galicia de -10.560, o que referencia a Pontevedra como un territorio en leve crecemento.

Non obstante, para coñecer o crecemento total da poboación hai que observar tamén o saldo migratorio -diferenza entre inmigración e emigración nun territorio e tempo concreto-. A combinación entre estes dous indicadores positivos reflicte unha poboación en certo proceso de renovación.

A seguinte gráfica amosa a evolución do saldo migratorio en Pontevedra nos últimos cinco anos:




Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Dende o ano 2008 obsérvanse picos marcados para o ano 2009 de saldo negativo para a poboación de homes e un reponte elevado, para os mesmos, no ano 2010 que vai decaendo ata a actualidade. No caso das mulleres a dinámica é similar pero menos aguda, non obstante, os anos 2008 e 2009 marcan maior saldo migratorio comparativo para a poboación feminina, e a partir do 2010 revértese esta tendencia.

Pontevedra gaña 59 mulleres e 120 homes, cifras desagregadas do saldo vexetativo no ano 2012. Comparativamente co territorio de referencia -provincia de Pontevedra- esta perde 252 mulleres e gaña 82 homes, o que sen dúbida marca un menor crecemento global da poboación para a provincia en contraste co concello de Pontevedra.

Existe unha forma visual de amosar toda a estrutura da poboación a través da representación gráfica da mesma por sexo e pequenos grupos de idade: A pirámide da poboación.

PONTEVEDRA 2011



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

A pirámide demográfica de Pontevedra amosa unhas características básicas, recollidas nos datos anteriores, e típicas de territorios desenvolvidos con base máis estreita que o corpo central, o que indica unha poboación que tende ao envellecemento. Aínda así compre resaltar que os cohortes da base son máis extensos que os da cúspide o que significa certo relevo xeracional. Este tipo de pirámide é a propia dunha sociedade moderna na que a taxa de natalidade e de mortalidade son baixas, e están marcadas por unha poboación estable.


Unha lectura máis detallada da pirámide da poboación indícanos como dende mediados dos anos 70 –idades inferiores aos 40 anos- hai unha marcada diminución da poboación consistente co fenómeno xeral da contracción da natalidade (transformación das costumes, incremento do nivel de vida, libre control da natalidade, etc.). Paralelamente ao incremento da calidade de vida e da sociedade do benestar incrementa a esperanza de vida dos cohortes superiores, nestes cohortes existe unha clara feminización dos tramos de idades iguais ou superiores aos 70 anos. Este dato ten correspondencia coa maior esperanza de vida das mulleres en comparación aos homes debido fundamentalmente ás diferenzas nos estilos de vida. No centro da pirámide é onde se observa un maior ensanchamento atopándose este entre os 30 a 44 anos, o que nos informa dunha forte poboación adulta, referida ás décadas dos anos 60 e 70 caracterizadas por un rexuvenecemento da poboación despois da posguerra e do fenómeno da inmigración.

Compre destacar, que dende os anos 80 ata o ano 2000 hai un forte decremento da natalidade, e a partir do principio deste século comeza un leve incremento desta que se reflicte nun leve fortalecemento da base da pirámide.

INDICADORES SOCIAIS

O nivel de estudos dunha poboación constitúese nun potencial indicador do seu nivel de benestar. A práctica do acceso á educación para toda a poboación, e fundamentalmente para as mulleres, acádase no século XX, e a fin dos 90 comezase a revelar a relación positiva entre maior nivel de estudos e maior potencial de empregabilidade para o colectivo de mulleres.

Na seguinte gráfica amosamos o nivel de estudos da poboación de Pontevedra no ano 2011



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do INE

A análise dos datos brutos desta gráfica amosan que:


- 7 de cada 10 **persoas analfabetas** son mulleres, do total de persoas analfabetas o 87% son maiores de 65 anos.
- 7 de cada 10 persoas **sen estudos** son mulleres, e o 72% de todas as persoas sen estudos son maiores de 65 anos.
- O 55% das persoas con **estudos de 1º grao** son mulleres, en canto a súa distribución do total de homes con estudos de 1º grao o 60% teñen idades comprendidas entre os 16 aos 64 anos e o 40% son maiores de 65. No caso das mulleres o 54% atópanse entre os 16 e os 64 anos e o 46% restante son maiores de 65 anos.

- A porcentaxe de mulleres e homes con **estudos de 2º grao** é parella. O 88% destas persoas son menores de 65 anos, e ese dato compórtase igual no caso de homes e de mulleres
- Da poboación con **estudos de 3º grao** o 57% son mulleres. O 89% de mulleres e homes con estes estudos son menores de 65 anos

Nos últimos anos os niveis de benestar de parte da poboación sufriron un grande retroceso, mentres que as rendas das persoas mais ricas incrementáronse notablemente, os ingresos do resto da poboación minimizáronse ostensiblemente. Esta realidade fai imprescindible ollar indicadores básicos das condicións de vida.

A continuación amosamos a gráfica que reflicte a evolución dende o ano 2008 ata o 2013, de mulleres e homes en relación a percepción da RISGA (Renda de Inserción Galega) e AES (Axudas de Emerxencia Social)

Persoas beneficiarias: Renta de Inserción Social e Axudas de Emerxencia Social



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Nestes últimos cinco anos tanto a RISGA como a AES incrementáronse notablemente, e é no colectivo de mulleres onde se aprecia un maior incremento establecendo maior diferenza respecto do grupo de homes.

Na seguinte gráfica amosamos no ano 2013 a porcentaxe de perceptoras e perceptores de RISGA e AES en Pontevedra e nos territorios de referencia.


Táboa- - Porcentaxe Perceptoras e Perceptores RISGA e AES. Pontevedra-Provincia-Galicia/2013

Ano 2013	Pontevedra		Provincia de Pontevedra		Galicia	
	%mulleres	%homes	%mulleres	%homes	%mulleres	%homes
RISGA	53	47	58	42	58	42
AES	58	42	60	40	60	40

Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Observamos que a porcentaxe de mulleres receptoras de axuda é superior á dos homes en todos os territorios, pero mentres na provincia e en Galicia os datos porcentuais son iguais en Pontevedra as diferenzas entre mulleres e homes minimízanse.

Outro indicador das condicións de vida son as pensións non contributivas –PNC- que amosamos na seguinte gráfica relativa ao ano 2013:



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

As mulleres son as principais receptoras das pensións non contributivas, sobre todo por xubilación, xa que por causa de invalidez os datos segundo sexo son similares.

Un factor explicativo deste dato é como moitas das mulleres maiores –e tamén novas- son clasificadas como inactivas ao desenvolver labores non ligadas ao traballo remunerado, isto desencadea en non poder “contribuír” directamente para as xubilacións, e dicir, menores retribucións o que unido a súa lonxevidade convértese nun factor clave do fenómeno da feminización da pobreza.

Ao igual que na prestación por RISGA e AES, amosamos para o ano 2013, a porcentaxe de perceptoras e perceptores de Pensións Non Contributivas de Invalidez e Xubilación en Pontevedra e nos territorios de referencia.

Táboa -4- Porcentaxe Perceptoras e Perceptores Pensións Non Contributivas.
Pontevedra-Provincia-Galicia/2013

Ano 2013	Pontevedra		Provincia de Pontevedra		Galicia	
	%mulleres	%homes	%mulleres	%homes	%mulleres	%homes
Invalidez	53	47	52	48	52	48
Xubilación	79	21	80	20	78	22

Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE


Observamos que as porcentaxe de mulleres e homes receptores de PNC son similares nos distintos territorios, non obstante, e de forma coherente con anterior sinalado, tanto en Pontevedra como na provincia e en Galicia, as mulleres multiplican por catro aos homes receptores de PNC por causa de xubilación.

INDICADORES LABORAIS

O mundo laboral e produtivo é un ámbito de desigualdade entre mulleres e homes, quizais debido á tardía incorporación das mulleres ao mundo laboral –que no produtivo-, e posiblemente a modelos de vida e produción androcéntricos.

Dende esta perspectiva comezamos recollendo datos que permitan debuxar a estrutura da poboación activa e inactiva, para posteriormente afondar na poboación activa clasificada como ocupada e/ou parada.

O primeiro achegamento a esta información o visualizamos a través da seguinte gráfica que establece as diferenzas entre a poboación activa e poboación inactiva para mulleres e homes




Fonte: elaboración Avalia segundo datos do INE

Segundo as definicións do IGE a poboación activa é “o conxunto de persoas de 16 ou máis anos que subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á produción”. A inactiva defínese como “todas aquelas persoas de 16 ou máis anos non clasificadas como ocupadas ou como paradas. Distingúense as seguintes categorías: Persoas que se ocupan do seu fogar; Estudantes; Xubilados

ou retirados; Persoas que reciben unha pensión distinta da xubilación e prexubilación; Persoas que realizan sen remuneración traballos sociais, actividades de tipo benéfico, etc.; Incapacitados para traballar”.

Tendo en conta, como expuxemos en apartados anteriores, que o número de mulleres e homes en idades comprendidas entre os 16 aos 65 é similar -51% de mulleres e 49% de homes- a porcentaxe de inactividade nestas idades tamén o é, de forma que do número total de persoas inactivas un 55% corresponde a mulleres e un 45% a homes.

Seguindo esta lectura, amosamos a seguinte gráfica da comparativa de nacementos segundo actividade/inactividade da nai:




Fonte: elaboración Avalia segundo datos do INE

Dende o ano 2008 ata o 2012 o número de nacementos diminúe lixeiramente, ao mesmo tempo que o número de mulleres inactivas que son nais. No ano 2012 as cifras amosan os seguintes datos: En Pontevedra de cada 100 nacementos 14 corresponden a nais en situación de inactividade e 86 mulleres activas. Este mesmo dato para o provincia reflicte unha relación de 18 mulleres a 82, e para Galicia os datos son de 17 mulleres en situación de inactividade por 83 activas.

Un nivel mais de análise evidencia a necesidade de indagar na natureza da actividade e inactividade de mulleres e homes e, para abordar a tipoloxía da actividade, compre explicar a categorización de poboación activa. A *poboación activa* esta composta por poboación ocupada e poboación parada: a primeira a compoñen as persoas de 16 ou máis anos que teñen un traballo por conta allea; é dicir, que traballan para outra persoa ou empresa, ou exercen unha actividade por conta propia. A *poboación parada* esta composta por todas aquelas persoas de 16 ou máis anos que están sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego.

A continuación expoñemos os datos brutos da actividade da poboación de homes e mulleres para o ano 2011:

Tipoloxía da Actividade




Fonte: elaboración Avalia segundo datos do INE

A tipoloxía de actividade para homes e mulleres garda a mesma orde: homes e mulleres ocupados a Tempo Completo, Parados e Paradas con traballo anterior, Ocupados e Ocupadas a Tempo Parcial e Paradas e Parados en busca do primeiro emprego. A maior diferenza entre mulleres e homes visualízase entre a poboación ocupada a Tempo Parcial, do total desta poboación o 73% corresponde a mulleres. Compre recordar que este tipo de contratación xurde como fórmula de conciliación e que tanto en Pontevedra como en calquera territorio de referencia –provincia, Galicia, España, Europa, etc.- é maioritariamente ocupada por mulleres. Estudos do INE amosan que a primeira razón que aducen as mulleres que os ocupan é a imposibilidade de atopar traballo a tempo completo (47%), a segunda razón máis explicitada (17%) é que permite o coidado de persoas ao seu cargo. O Traballo a Tempo Parcial a curto prazo afonda na fenda salarial, ao reducir o salario, a longo prazo presenta dificultades de cotización e maior precariedade salarial co que convértese nun factor de feminización da pobreza

A continuación imos reflectir os datos brutos relativos á tipoloxía da inactividade de mulleres e homes para o ano 2011:

Tipoloxía da Inactividade




Fonte: elaboración Avalia segundo datos do INE

Para a poboación masculina inactiva a principal fonte de inactividade son os estudos, seguido da xubilación, no caso das mulleres a orde invértese, de forma que a primeira posición a ocupa a xubilación e despois os estudos. Unha posible explicación a este último fenómeno é o maior número de mulleres maiores que de homes.

Para facilitar o debuxo da poboación desagregada por sexo en canto ao factor produción, sinalamos os datos porcentuais da tipoloxía de actividade/inactividade para o ano 2011:


Relación Actv/Inactivd. Homes



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do INE

A través da gráfica anterior poderíamos establecer –en termos xerais-, que de cada 10 homes Pontevedreses: 4 están ocupados a Tempo Completo; 2 son estudantes; 2 xubilados, e; 1 esta en situación de paro con traballo anterior.

Relación Actv/Inactivd. Mulleres




Fonte: elaboración Avalia segundo datos do INE

A mesma radiografía que a realizada na gráfica anterior, no caso das mulleres Pontevedresas, resultaría do seguinte modo: 3 atópanse traballando a tempo completo; 2 son xubiladas; 2 estudantes, e; 1 está parada con traballo anterior.

A continuación imos establecer o debuxo da situación de ocupación e paro.

Na seguinte gráfica observamos o número bruto de contratos iniciais realizados no ano 2013 e a súa relación co nivel de estudos das mulleres e homes contratados:

Contratos Iniciais e nv formación




Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Para a poboación de homes e mulleres o maior número de contratos iniciais prodúcese entre as persoas con Estudos Secundarios, no caso das pontevedresas o segundo posto o ocupa ter Estudos Superiores, mentres que para os pontevedreses este posto corresponde a ter cursado Estudos Primarios, seguido de non ter Estudos Rematados. O maior nivel de formación opera, fundamentalmente no caso das mulleres, como un facilitador da incorporación ao mercado laboral.


As seguintes gráficas porcentuais reflicten os contratos iniciais segundo a actividade económica, para o ano 2013, tanto en mulleres como en homes:

Contratos Iniciais segundo Actv Económica. Homes



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Contratos Iniciais segundo Actv Económica. Mulleres




Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Ao observar as dúas gráficas as diferenzas por razón de sexo son manifestas, aínda que para mulleres e homes o sector servizos é o que prové a maior contratación, para os homes isto representa que 3 de cada 4 homes incorpórase ao mundo laboral neste sector mentres que no caso das mulleres, case que a totalidade o fai en servizos.

A continuación analizaremos a situación de paro das mulleres e homes do territorio, para o que comezamos visualizando a incidencia do paro por sectores no ano 2013


Paro por sectores actividade. Homes



■ Agric/Pesca
 ■ Industria
 ■ Construc
 ■ Servizos
 ■ S/empreg ant

Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Paro por sectores de actividade. Mulleres




■ Agric/Pesca
 ■ Industria
 ■ Construc
 ■ Servizos
 ■ S/empreg ant

Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

No momento de observar os contratos iniciais por sectores para mulleres e homes, observabamos que o principal sector de produción de Pontevedra é o sector servizos. De forma congruente nestas gráficas observase que o sector con maior índice de paro é o de servizos. Non obstante, na poboación de homes aglutina arredor do 50%, e no caso das mulleres mais das $\frac{3}{4}$ partes.

Esta situación de desemprego non afecta a mulleres e homes por igual. A continuación amosamos os datos relativos ao número bruto de paradas e parados por grandes grupos de idade:

Paro segundo grandes grupos idade




Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

No grupo de persoas menores de 25 anos non se aprecian diferenzas significativas entre mulleres e homes. Non obstante, en maiores de 25 anos existe un maior número de mulleres que de homes, posiblemente o modelo de traballo remunerado é un modelo masculinizado no que a inserción laboral das mulleres conta con maiores atrancos.


Ao observar esta situación unida coa duración da demanda, para o ano 2013, os datos desagregados por sexo amosan os seguintes resultados:

Paro Grandes Gupos Idade e Duración Demanda. Homes



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Paro Grandes Grupos de Idade e Duración da Demanda. Mulleres




Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

As gráficas debuxan un comportamento similar para mulleres e homes, quedando patente que canto maior duración da situación de desemprego, menor probabilidade de atopar unha ocupación. Non obstante, podemos inferir que a diferenza de paro entre mulleres e homes sitúase nas mulleres con mais de 12 meses en demanda de emprego.


Para finalizar observaremos a relación entre a situación de desemprego e o nivel de estudos, para mulleres e homes no ano 2013:

Paro segundo niv estudos. Homes



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Paro segundo niv estudos. Mulleres



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

As persoas con Estudos Secundarios son as que presentan maior índice de desemprego, do mesmo modo este nivel de estudos é o mais representativo da sociedade pontevedresa con niveis similares para mulleres e homes. Non obstante, o paro en persoas con Estudos Secundarios é 12 puntos maior para os homes que para as mulleres. O segundo nivel de estudos no que se aglutina o desemprego é entre as persoas con Estudios Postsecundarios, e nel as mulleres sofren un paro maior que os homes en 13 puntos porcentuais. Aínda cando hai mais mulleres que homes con estudos de 3º grao a diferenza é de 7 puntos, que non se corresponden cos 13 puntos de diferenza no emprego.

b. Marco Normativo

A Igualdade entre Mulleres e Homes é un Principio xurídico universal recoñecido a través de diversas normativas, polo que a continuación e dende os diferentes ámbitos de actuación, sinalamos o marco normativo e legal que opera no relativo á igualdade de oportunidades e trato entre mulleres e homes.

Ámbito Internacional-

- Documento final do Cumio Mundial. 2005
- Declaración do Milenio. 2000
- Resolución 1997/44 da Comisión dos Dereitos Humanos.1997
- IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres de Beijing.1995
- Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller. 1993
- Convención para a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller de 1979 (CEDAW).1979
- Declaración sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller. 1967
- Convención sobre os dereitos políticos das mulleres. 1952
- Declaración Universal dos Dereitos Humanos. 1948

Ámbito da Unión Europea-

- Estratexia para la igualdade entre mulleres e homes 2010-2015
- Resolución 2010/C 285 E/07 do Parlamento Europeo, de 26 de novembro del 2009, sobre a eliminación da violencia contra a muller
- Resolución lexislativa 2010/C 212 E/44 do Parlamento Europeo, de 6 de maio de 2009, sobre a proposta de Directiva do Parlamento Europeo e do Consello sobre a aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres que exercen unha actividade autónoma
- Directiva 2006-54-CE sobre igualdade de oportunidades e trato entre homes e mulleres. 2006

- Directiva do Consello 2004/113/CE do 13 de decembro, pola que se aplica o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres ao acceso de bens e servizos e o seu subministro
- Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á igualdade de trato entre mulleres e homes nas condicións de traballo. 2002
- Resolución 2000/C 218/02 do Consello de Ministros de Traballo e Asuntos Sociais, reunidos no seo do Consello de 29 de xuño de 2000, relativa á participación equilibrada de homes e mulleres na actividade profesional e na vida laboral
- Directiva 2000/78 do consello do 27 de novembro de 2000, relativa ao establecemento dun marco xeral para a igualdade de trato no emprego e a ocupación
- Tratado de Amsterdam. 1997

Ámbito do Estado Español-

- Plan estratéxico de igualdade de oportunidades 2014-2016
- Lei orgánica 2/2010 de 3 de marzo, de saúde sexual e reproductiva e da interrupción voluntario do embarazo
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. 2007
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. 2004
- Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que modifica os artigos 33 e 57. 2003
- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno. 2003
- Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas de violencia doméstica. 2003
- Real Decreto 1686/2000, de 6 de outubro, polo que se crea o Observatorio da Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes
- Lei 39/1999, de 5 de novembro, para promover a conciliación da vida laboral e familiar das persoas traballadoras
- Constitución Española. 1978. (Artigos 9 e 14)

Ámbito Galego-

- VI Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes 2013-2015

- Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. 2007
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galiza. 2007
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes. 2004

c. Conceptos Clave

O 3º Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e homes do Concello de Pontevedra, desenvólvese dende un marco definido polos principios básicos do feminismo entendido como teoría crítica que postula a transformación da sociedade, e da igualdade de oportunidades conceptualizada como corrente política que promove a ausencia das barreiras sexistas cara a participación económica, política e social.

O propio texto do corpo deste Plan introduce conceptos que compre definir para a correcta identificación do sentido da intervención que se desenvolverá durante o seu tempo de vixencia (2015-2017), polo que a continuación amosamos, a modo de glosario, unha serie de termos claves á hora de abordar o documento do 3º Plan.

Feminismo-

Conxunto de teorías sociais e de prácticas políticas en aberta oposición a concepcións do mundo que exclúen a experiencia feminina do seu horizonte epistemolóxico e político. O feminismo revela e critica a desigualdade entre os sexos e entre os xéneros á vez que reclama e promove os dereitos e intereses das mulleres. O movemento feminista xurde como consecuencia da conciencia das mulleres respecto do seu status subordinado na sociedade. *(Instituto de Estudios Latinoamericanos)*

Corrente de pensamento en permanente evolución pola defensa da igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos. Constitúe unha forma diferente de entender o mundo, as relacións de poder, as estruturas sociais e as relacións entre os sexos. *(Mujeres en Red)*

Patriarcado-

“O goberno dos pais”. Sistema u organización social de dominación masculina sobre as mulleres que foi adoptando distintas formas ao longo da súa historia. *(Mujeres en Red)*

Androcentrismo-

Visión do mundo e das cousas, dende o punto de vista teórico e do coñecemento, na que os homes son o centro e a medida de todas elas, agochando e facendo invisible todo o demais, entre elas as achegas e contribucións das mulleres á sociedade. A visión androcéntrica presupón que a experiencia masculina é a universal, a principal, a referencia ou

representación da humanidade, obviando a experiencia masculina. (*Palabras para la Igualdad. Biblioteca Básica Vecinal. Mujeres en Red*)

Xénero-

“Definición cultural da conduta considerada apropiada aos sexos nunha sociedade en un momento determinado” Gerda Lerner. (*Mujeres en Red*)

Análise de Xénero-

Estudo das diferenzas de condicións, necesidades, índices de participación, acceso aos recursos e desenvolvemento, control de activos, poder na toma de decisións, etc., entre homes e mulleres debidas aos roles que tradicionalmente se lles asignou. (*Glosario de términos relativos a la igualdad entre mujeres y hombres. Consejo de Europa*)

Perspectiva de Xénero-

Tomar en consideración e prestar atención ás diferenzas entre mulleres e homes en calquera actividade ou ámbito dado dunha política. (*Glosario de términos relativos a la igualdad entre mujeres y hombres. Consejo de Europa*)

Igualdade de Xénero-

Relación de equivalencia no sentido de que as persoas teñen o mesmo valor independentemente do seu sexo, e por elo son iguais. (*Mujeres en Red*)

Cidadanía-

É o conxunto de dereitos que teñen as persoas como suxeitos e os deberes que de eles se derivan. (*Palabras para la Igualdad. Biblioteca Básica Vecinal. Mujeres en Red*)

Feminización da pobreza-

Tendencia ao aumento da incidencia e prevalencia da pobreza entre as mulleres. (*Glosario de términos relativos a la igualdad entre mujeres y hombres. Consejo de Europa*)

Empoderamento-

Proceso de acceso aos recursos e desenvolvemento das capacidades persoais para poder participar activamente en modelar a propia vida e a da súa comunidade en termos económicos, sociais e políticos. (*Glosario de términos relativos a la igualdad entre mujeres y hombres. Consejo de Europa*)

Saúde-

“Estado de completo bienestar físico, mental e social, e non soamente a ausencia de afeccións ou enfermidades.» Organización Mundial da Saúde 1948

Violencia de Xénero -

As Nacións Unidas recoñecen en 1980 á violencia contra as mulleres como o crime encuberto mais frecuente no mundo. A Declaración das Nacións Unidas sobre a eliminación da violencia contra as mulleres define esta violencia como *“todo acto de violencia baseado na pertencencia ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para as mulleres inclusive as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se produce na vida pública ou privada. (Mujeres en Red)*

Ruta crítica-

Proceso que se constrúe a partir da secuencia de decisións tomadas e accións executadas polas mulleres afectadas pola violencia de xénero e as respostas atopadas na súa busca de solucións. (*“La ruta crítica de las mujeres afectadas por la violencia intrafamiliar en América Latina” OPS/OMS Programa Mujer, Salud y Desarrollo. Ano 2000*)